



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DA SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO, DE STANDS, MOQUETA E CARPAS PARA A CELEBRACIÓN DE EXPO ORDES 2017.

1. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a subministración, en réxime de alugueiro, de stands, moqueta e carpa necesarios para a celebración de Expo Ordes 2017, así como o seu montaxe e desmontaxe no campo da Feira da Vila de Ordes.

2. Características mínimas:

1600 m² de stand modular coas seguintes características:

- Estrutura xeral de aluminio anodizado na súa cor a 3 m de altura.
- Teito con cruceta de aluminio para suxeición e ubicación da iluminación.
- Paneis de melamina en cor estándar (vermello, azul, amarelo, faia, verde, negro).
- Frontis das mesmas características do cor do panel con rótulo en letra estándar sobre cartela branca.
- Instalación eléctrica segundo as normas de baixa tensión, consistente en cadro eléctrico, composto por diferencial, magnetotérmico e enchufe de 500W.
- Iluminación mediante spots de 300W sobre carril a razón de 50w/m².

Deseño e montaxe de stand para o Concello de Ordes.

Mobiliario mínimo:

- 20 mesas redondas.
- 75 cadeiras.
- 20 mostradores.
- 10 estanterías.

100 ml de panel modular para cerramento.

Carpas (2): 1.500 m² cada carpa a dúas augas (30x50), unidas entre si.

3000 m² de moqueta feiral ignífuga cor a elixir pola organización para corredor e stands.

3. A totalidade das instalacións deberán estar operativas o 28 de abril, celebrándose a Feira os días 28, 29 a 30 de abril.
4. O adxudicatario virá obrigado a realizar da súa conta a instalación que incluírá todos os elementos auxiliares necesarios que, pola súa pouca entidade e dificultade de definición previa, non figuren expresamente na composición da subministración.
5. Así mesmo, serán da súa conta os gastos de transporte, desmontaxe das instalacións, outorgamento de autorizacións e calquera outro necesario para levar a cabo o obxecto do contrato.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

6. Cando así o esixa a natureza do seu obxecto por requirir a intervención de traballadores suxeitos a un especial risco para a seguridade e a saúde na súa realización, ben sexa físico, psicofísico, químico ou biolóxico, o adxudicatario deberá presentar un plan de seguridade e saúde. No dito plan recolleranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- Control de accidentes ou enfermidades profesionais.
- Determinación da persoa encargada da vixilancia e seguimento do Plan.

A iniciación do contrato quedará subordinada á aprobación do Plan de seguridade e saúde polo órgano de contratación, previo informe favorable do mesmo emitido por técnico competente.

7. De estimarse conveniente realizar un programa de traballo este deberá ser aprobado polo órgano de contratación, ao mesmo tempo que se aproben os documentos da solución elixida, fixándose os prazos parciais correspondentes.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ao día deste programa, seguindo as instrucións que, para estes efectos, reciba.